

# ANÁLISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DOS ALUMNOS DA 1ª EDICIÓN DO CURSO ONLINE DE FORMACIÓN DOS RESPONSABLES DAS SOCIEDADES DE CAZA: "Xestión interna e administrativa dunha sociedade"

## 1. PARTICIPACIÓN

A Federación Galega de Caza co obxecto de mellorar as actividades formativas, e coñecer así o grao de satisfacción dos alumnos que participaron na primeira edición do curso online de Formación dos Responsables das Sociedades de Caza "Xestión interna e administrativa dunha sociedade", desenvolvido no campus virtual da Escola de Caza, pasou unha enquisa anónima aos alumnos.

Na *enquisa* participaron 36 alumnos dos 124 matriculados, é dicir máis do 29%, pero se temos en conta que os alumnos que se presentaron ás probas de avaliación foron 91 dos 124 matriculados, **a porcentaxe dos que manifestaron a súa opinión sobre a formación recibida virtualmente foi do 40%.**

Núm. alumnos matriculados	124
Núm. alumnos que se presentaron á proba de avaliación	91
Núm. alumnos APTOS	90
Núm. alumnos NON APTOS	1
Núm. alumnos NP	33
Núm. alumnos que participaron na enquisa	36
% enquisas contestadas respecto a matriculados	29,03
% enquisas contestadas respecto a alumnos avaliados	39,56

## 2. RESULTADOS

Á pregunta *¿Resolveu as súas dúbidas?*, o 39% dos enquisados responderon que llas resolveran totalmente, mentres que un 58% manifestou que llas resolveran nalgúns casos, e 1 alumno sinala que case nunca as resolveu.

Preguntados sobre *¿Como atopou o contido do curso?*, máis do 58% considerárono moi útil, e un 42% manifestou que aconsellable.

E á pregunta *¿Acadou os obxectivos que agardaba?*, máis do 72% responderon que si, un 25% din ter acadados os obxectivos de xeito parcial, a 1 alumno indica non ter acadado os obxectivos que agardaba.

PREGUNTAS	Alumnos	%
<b>¿Resolveu as súas dúbidas?</b>		
Totalmente	14	38,89
Nalgúns casos	21	58,33
Case nunca	1	2,78
<b>¿Cómo atopou o contido do curso?</b>		
Moi útil	21	58,33
Aconsellable	15	41,67
Sen utilidade	0	
<b>¿Acadou os obxectivos que agardaba?</b>		
Si	26	72,22
Non	1	2,78
De xeito parcial	9	25,00

### 3. RELATORIOS

Os temas cos que os alumnos amosaron maior satisfacción foron, por esta orde, os bloques de *O Réxime Documental, O Réxime Económico, Financeiro, Patrimonial e Fiscal, As Comunicación Internas e Externas da Asociación, e Lexislación.*

	<b>Bloque 1</b> (Lexislación)	<b>Bloque 2</b> (Réxime documental)	<b>Bloque 3</b> (Réxime económico, financeiro, patrimonial, e fiscal)	<b>Bloque 4</b> (As comunicación internas e externas da asociación)
Puntuación				
Relatorios	<b>299</b>	<b>305</b>	<b>302</b>	<b>301</b>
Nota				
Media	<b>8,305</b>	<b>8,472</b>	<b>8,388</b>	<b>8,361</b>

### 4. SUXERENCIAS DOS ENQUISADOS

1. Ampliar algúns temas, pero polo regular ben. Facer cursos máis sinxelos pero tratando de facelos obrigatorios para todos os cazadores, o que faría as reunións das distintas asembleas por dicilo de algunha maneira máis cultas...
2. Adaptar este curso a distintos niveis de comprensión escrita para que sexa accesible á maioría do cazadores e cazadoras. Tal e como está formulado, non é accesible para todo o mundo.
3. O curso é moi instrutivo pero o prazo dun mes paréceme pouco (aínda que hai máis oportunidades) xa que para as persoas novas nisto hai moitos conceptos novos. Polo demais moi ben e moi aconsellable.
4. Considero moi apropiado o curso, desexo que sigan formando cazadores, é moi importante de cara á caza e á sociedade en xeral.
5. Poder escoller o idioma, e facer un resumo presencial.

6. Continuar desenvolvendo este tipo cursos os cales encontro moi interesantes e útiles.
7. Seguir na mesma liña que se esta.
8. É moi positivo, axuda moito. Eu mesmo fixen outros dous cursos presenciais nos anos 2017/18, e non me canso deles, sempre se aprende algo máis. É bo reciclarse e lembrarse do aprendido.
9. OS cuestionarios dos temas realizados, deberían levar aparelladas as respostas correctas, para poder saber onde se cometeron os erros.
10. Poñer test con cuestións de todos os temas para practicar e que se corrixa automaticamente. Polo resto todo ben.
11. Na Federación de Caza hai outras actividades que non son similares, polo que ao meu parecer o curso debería ir dirixido a asociacións en xeral, e os apartados específicos de cada actividade ir por separado.
12. Tratar de explicar o contido práctico doutro xeito para persoas non técnicas.
13. Algún exemplo práctico máis.